



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS
E PROVINCIAS E A FUNDACIÓN UNICEF COMITÉ ESPAÑOL,
PARA A PROMOCIÓN, DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN
DO PROGRAMA “CIDADES AMIGAS DA INFANCIA”**

Santiago de Compostela, 05 - 11 - 2018

REUNIDOS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 117/2016, do 15 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte, don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias en adiante FEGAMP, actuando no nome e representación daquela, no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46 dos Estatutos da FEGAMP, aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria de 4 de decembro de 2003 e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral de 30 de outubro de 2015.

E doutra parte, dona Myriam Garabito Cociña, en nome e representación de FUNDACION UNICEF Comité Español, actuando como Presidenta de UNICEF Comité Galicia, entidade sen fins lucrativos, inscrita no Rexistro de Fundacións do



Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en virtude das atribucións que ten conferidas por razón do seu cargo.

Actuando todas as partes no exercicio da representación que ostentan e recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir a ampliación do Convenio

EXPOÑEN

Primeiro.- A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e en virtude de dita competencia aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social, de acordo co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia e a infancia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro de e na Lei 3/2011, do 30 de xuño.

Cuarto.- A disposición adicional quinta, apartado 3, da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que as asociacións de concellos, no ámbito propio das súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas administracións públicas e o artigo 8 dos Estatutos da FEGAMP



determina que no exercicio das atribucións que ten conferidas gozará de plena capacidade para a subscrición de convenios e contraer compromisos ou obrigas.

Quinto.- Que a Fundación Unicef Comité Español, en adiante UNICEF, é unha fundación representante do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia en España, cuxa misión principal é a supervivencia, a protección e o desenvolvemento da infancia, promovendo o disposto na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Sexto.- Que todas as partes expresan a súa vontade de colaborar conxuntamente, dentro do ámbito propio de cada unha delas, en iniciativas e accións de interese común.

Sétimo.- Que é desexo de todas as entidades subscribir este acordo para poñer en marcha e desenvolver accións de difusión, formación e promoción do programa “Cidades Amigas da Infancia” mediante a celebración de xornadas, conferencias, encontros, etc., que permitan a promoción e o fomento da participación activa de nenos, nenas e adolescentes, promovendo o diálogo como ferramenta de expresión das ideas propias, sendo estes os principios orientadores que contribúan a implantar e difundir políticas públicas con enfoque de dereitos a través do “Programa Cidades Amigas da Infancia” no ámbito municipal, entre os municipios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con isto, preténdese que o desenvolvemento deste acordo de colaboración materialícese nunha mellora do benestar da infancia nos 313 municipios das provincias da Comunidade e a aplicación da Convención sobre os dereitos do neno no ámbito municipal.

Para iso, unha parte esencial deste Acordo consistirá na promoción e o desenvolvemento do programa de UNICEF denominado “Cidades Amigas da Infancia”, centrado en sensibilizar á sociedade española en xeral, e aos axentes municipais en particular, para que incrementen os seus esforzos a favor dos dereitos dos nenos e as nenas entre os Entes Locais, conseguir que se comprometan a iniciar políticas e promover iniciativas que recoñezan ao neno como cidadán de pleno dereito, facilitando a creación de canles sustentables de participación da



infancia e a adolescencia e doutros sectores da poboación na vida das cidades. Así mesmo, organizaranse encontros autonómicos entre os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e os Consellos de Participación da Infancia.

En virtude do exposto, as partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social, a FEGAMP e UNICEF, para promover a aplicación da Convención sobre os dereitos do neno no ámbito municipal da Comunidade de Galicia, coa promoción, desenvolvemento e implantación do programa denominado “Cidades Amigas da Infancia” do que é promotor a entidade UNICEF.

SEGUNDA.- Compromisos

1. Todas as partes asinantes colaboraran para:

- a) Promover a implantación progresivamente nas políticas públicas locais do enfoque da Convención sobre os dereitos do neno a través da promoción dos trámites nos concellos da comunidade autónoma de Galicia para a súa integración no programa Cidades Amigas da Infancia e para que a poboación menor de 18 anos da Comunidade Autónoma de Galicia interveña en programas de participación infantil.
- b) A difusión do programa “Cidades Amigas da Infancia”, incluíndo nos seus medios propios: web, redes sociais, boletíns electrónicos etc. a ligazón á web do programa <http://ciudadesamigas.org/>.



2. A Consellería de Política Social comprométese a:

A organización dunha xornada anual informativa do Programa “Cidades Amigas da Infancia”.

3. A FEGAMP, comprométese a:

- a) A difusión das Xornadas informativas do Programa.
- b) A difusión das accións de formación e promoción do programa realizadas por UNICEF.

4. UNICEF comprométese a:

Prestar o asesoramento correspondente para a implantación do Programa “Cidades Amigas da Infancia”, a todos os concellos que o soliciten.

5. A Consellería de Política Social e UNICEF comprométense a:

Organizar conxuntamente, cada dous anos, un Encontro Autonómico de Participación Infantil dos concellos da Comunidade de Galicia cos Consellos de Participación de Infancia, como impulso para a creación do Consello Autonómico de Participación da infancia e Adolescencia, en consonancia coas liñas e obxectivos que se integren na Estratexia Galega para a Infancia e Adolescencia

As actuacións descritas non levan consigo custe económico para ningunha das partes.

TERCEIRA.-Comisión Seguimento

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta de seguimento conforme ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da



Administración Xeral e do sector público autonómico e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e integrada por representantes das partes. No caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito á persoa titular da Consellería de Política Social.

A comisión mixta de seguimento estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola persoa titular da consellería.
- Dous representantes da FEGAMP e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.
- Dous representantes de UNICEF e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.
- Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A Comisión reunirase a lo menos unha vez ao ano. Ademais reuniranse tantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

Dita Comisión elaborará un informe anual de seguimento, resultados e impacto do programa na Comunidade de Galicia, así como propoñer novas iniciativas.

CUARTA.- Publicidade das actuacións

UNICEF autoriza ás entidades, a utilizar o logotipo do programa *Cidades Amigas da Infancia* durante a vixencia do presente acordo para a difusión das accións reflectidas no mesmo, non podendo transferir a terceiros os dereitos de utilización.

Calquera outro uso do logotipo do programa *Cidades Amigas da Infancia*, polas entidades que non participasen neste convenio, será necesariamente autorizado con anterioridade por UNICEF.



QUINTA.-Vixencia do Convenio

O presente Acordo entrará en vigor na data da súa sinatura, con vixencia de catro anos a contar desde esa data, e renovable por ata outros catro de forma expresa e unánime.

SEXTA.- Causas de Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. disentimento de calquera das partes: Será preciso a comunicación cunha antelación de 30 días á data de expiración desexada, comunicando por escrito ás outras partes a súa vontade.
2. incumprimento por calquera das partes das súas respectivas obrigas: A dita circunstancia dará dereito ás restantes partes a rescindir este Convenio, debendo ser comunicado por escrito a dita rescisión, segundo o disposto nos artigos 49, e), 51 e 52, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas.

SÉTIMA.-Natureza xurídica

Este convenio ten carácter administrativo, e os seus efectos se rexen polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

OITAVA.-Cuestións litixiosas

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión mixta de seguimento serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e



124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa

NÓVENA.- Publicidade do convenio

O convenio quedará sometido en canto a publicidade do mesmo ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. Protección de datos de carácter persoal e confidencialidade.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A FEGAMP e UNICEF tratarán os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a



súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervinientes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

Pola Xunta de Galicia

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

Pola FEGAMP

Alfredo García Rodríguez
Presidente

Por UNICEF

Myriam Garabito Cociña
Presidenta UNICEF
Comité Galicia